



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

endereço electrónico: correo@betanzos.net

BASES DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS DE VERÁN BETANZOS CONCILIA 2026

OBXECTO

Os campamentos de verán Betanzos Concilia 2026 supoñen unha alternativa de lecer para a rapazada de 3 a 12 anos do municipio de Betanzos, cunha dobre finalidade: a de permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias betanceiras; e a de ofrecer un espazo de esparcemento para nenas e nenos en igualdade de oportunidades. Tamén persegue contribuír a diminución das desigualdades sociais e favorecer a integración dos/as menores en risco de exclusión social.

Tanto transversalmente como en actividades específicas traballaranse a igualdade de xénero e o fomento da lingua galega.

OBXECTIVOS

Os principais obxectivos son:

- Reforzar a igualdade de oportunidades na infancia.
- Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias.
- Promover a integración social dos/as menores en situación de risco.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Promover o uso da lingua galega e a nosa cultura.
- Desenvolver habilidades sociais en nenos e nenas para relacionarse adecuadamente.
- Fomentar a convivencia e ampliar o marco de relacións dos/as menores.
- Promover o respecto á diversidade.
- Fomentar o desenvolvemento da creatividade e as propias competencias a través do xogo.

- Fomentar a comunicación e a iniciativa capacitando para a toma de decisións.
- Fomentar o respecto pola contorna máis inmediata e pola cidade onde viven e o medio ambiente.
- Fomentar a afección por actividades ao aire libre, exercicio físico, e o traballo en equipo.

PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán solicitar a súa participación nos campamentos de verán Betanzos Concilia 2026 as familias de nenas e nenos que se encontren entre os **3 e os 12 anos cumpridos, con datas de nacemento entre os anos 2014 e 2022**, e que reúnan algunha destas circunstancias:

- **Empadroados/as no Concello de Betanzos.** O Concello comprobará a veracidade de dito empadramento.
- **Non empadroados/as** no Concello de Betanzos, unicamente no caso de que quedasen **prazas dispoñibles**, e por orde de inscrición.

Quen teña unha **discapacidade igual ou superior ao 33%** poderá participar nesta convocatoria aportando no **momento da solicitude** o correspondente **certificado de discapacidade**, ademais dun **informe médico, educativo ou social** no que se valore que o/a menor posúe a capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lle permiten participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.

LUGAR E DATA

Os campamentos Betanzos Concilia desenvolveranse nas dependencias do **CEIP Francisco Vales Villamarín (Infantil)**, e para facilitar en maior medida a conciliación laboral e familiar, realizaranse 3 quendas diferenciadas, de luns a venres agás festivos, do seguinte xeito:

- **1ª quenda:** do 22 de xuño ao 10 de xullo (14 días). Festivo mércores 24 de xuño.
- **2ª quenda:** do 13 de xullo ao 31 de xullo (15 días).
- **3ª quenda:** do 3 de agosto ao 14 de agosto (10 días).

Un mesmo menor poderá optar ás tres quendas, se ben **no momento da solicitude deberá marcarse unha como preferente**.

HORARIO

- Hora de entrada ordinaria: Ás **08:00 horas** ou ás **09:00 horas**.
- De 08:00 a 09:00 desenvolverase o **servizo de Mañanceiros** sen almorzo e sen custe adicional.
- Hora da recollida: **Flexible entre as 14:00 horas e as 15:00 horas**, para favorecer a conciliación. Non se poderá recoller a ningún/ha menor pasados 10 minutos das 15:00 horas.

PRAZAS

Ofértanse un máximo de **180 prazas**, **60 prazas en cada unha das 3 quendas**. Será necesario un **mínimo de 16 nenos/as** en cada quenda **para realizar a actividade**.

CUSTO

- O custo do servizo será de **50 € por neno/a en cada quenda** en consonancia co acordo da Xunta de Goberno Local publicado no BOP da Coruña do 13/07/2015 .
- **Desconto do 20% en cada fillo/a** no caso de **acreditar ser familia numerosa** no momento da solicitude, acompañando o certificado correspondente.
- Reservaranse **15 prazas** en total para **casos de exclusión social** debidamente acreditados polos Servizos Sociais Municipais. As familias deberán **marcar expresamente este cadro na solicitude**, e **pedir cita coa traballadora social** de zona para a súa comprobación.

ACTIVIDADES

As actividades terán como **eixo vertebrador a igualdade** entre nenas e nenos, a través de iniciativas lúdicas de ocio e tempo libre (xogos, obradoiros, etc.).

A través do **xogo cooperativo** trataranse valores de respecto, igualdade de oportunidades, resolución de conflitos e o fomento da nosa cultura e lingua galega.

Ademais, realizaranse **visitas** ao campamento e **saídas** a outros municipios galegos.

PERÍODO DE INSCRICIÓN

Os prazo de inscrición será o seguinte para todas as quendas:

Do venres 8 de maio ao venres 22 de maio, ambos días incluídos.

A presentación de inscricións realizarase **preferentemente a través da sede electrónica do Concello de Betanzos** <https://sede.betanzos.gal> **no apartado de Servizos Sociais e no trámite Solicitud Inscripción Campamentos verán Betanzos Concilia 2026.**

Recordamos que para utilizar a sede electrónica é preciso dispoñer de Certificado electrónico, DNI electrónico ou Cl@ve permanente.

Excepcionalmente, as persoas que acrediten que non contan cós medios necesarios para realizalo por esta vía, poderán presentala solicitude nas dependencias dos Servizos Sociais.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR NA INSCRICIÓN

A **documentación** necesaria para realizar a inscrición será:

- Impreso de **solicitud** debidamente cuberto, que poderá obterse en:
 - Sede electrónica do Concello de Betanzos. <https://sede.betanzos.gal>
- Fotocopia da **tarxeta sanitaria** do/a menor.
- **Título de familia numerosa**, se se solicita a bonificación por ese concepto.
- **Certificado de discapacidade, se corresponde**, así como **informe médico, educativo ou social** no que se valore que o/a menor posúe a **capacidade de integración nun grupo**.
- Para as **prazas reservadas por risco de exclusión social**, a documentación necesaria para realizar dita valoración por parte do departamento de Servizos Sociais.
- Se a nena ou o neno tivese algunha **alerxia ou intolerancia alimentaria**, ou tivese que **administrar algún tipo de medicación**, non é preciso acreditarlo documentalmente, pero si **marcalo expresamente na solicitude**.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

- **Directa:** a adxudicación será directa no caso que non se supere o número de prazas dispoñibles.
- **Sorteo público:** Se o número de solicitudes supera as prazas dispoñibles, antes da publicación da listaxe provisional de admitidos/as realizarase un sorteo público no **Salón Azul do Liceo**, o **mércores 27 de maio ás 10:00 horas**, sacando unha letra do abecedario ao azar para cada unha das quendas. Este sorteo dará lugar a unha listaxe de agarda.

No caso de que as familias dos/as admitidos/as renuncien á praza obtida por sorteo, chamarase telefonicamente aos/ás integrantes da lista de agarda. No caso de non ser localizados/as tras tres chamadas a diferentes horas, pasarase ao/á seguinte da lista.

No caso de existir prazas vacantes xa iniciada a actividade, as crianzas poderanse incorporar nela despois do comezo do campamento, sempre que se conserve a ratio monitor/a-nena/o.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS

A **listaxe provisional** de admitidos/as publicarase o **mércores 27 de maio**, tras a realización **previa do sorteo público**, de ser este preciso.

Darase un prazo máximo de **3 días hábiles para reclamacións e renuncias**, que deberán realizarse a **través da sede electrónica ou de forma presencial nas dependencias dos Servizos Sociais**. Pasado este tempo, publicarase a **listaxe definitiva**. De non existir reclamacións nin renuncias, a listaxe provisional elevarase a definitiva. En todo caso, esta publicarase o **martes 2 de xuño**.

Ambas listaxes poderán consultarse na **sede electrónica do Concello de Betanzos** ou nos **taboleiros de anuncios de Servizos Sociais e o Edificio Liceo**.

PAGAMENTO

As cotas pagaranse unha vez aparecido na listaxe definitiva de admitidos/as o nome do/a neno/a e sempre con anterioridade ao inicio da actividade a través da **Oficina Virtual Tributaria do Concello de Betanzos**.

https://sede.betanzos.gal/sxc/es/procedimientosytramites/tramites/OficinaVirtualTributaria_N

Unha vez nesta plataforma, ir a **Autoliquidar e pagar taxas** da páxina de inicio, onde deberá introducirse o DNI da persoa solicitante e seleccionar o apartado **Prestación de servizos**, subapartado **Prestación de servizos – Campamento urbano**.

No despregable *Tarifas* **deberase escoller a quenda ou quendas** que procedan segundo o listado de persoas admitidas.

En virtude da ordenanza reguladora, as persoas solicitantes que teñan a **condición de Familia Numerosa** terán unha **bonificación do 20% en cada filla/o** participante, que non inclúe os servizos de almorzo e xantar. Para aplicala, dentro de cada quenda, no despregable *Bonificación* deberase escoller a opción *Familia Numerosa 20%*.

A continuación xerarase o **documento de pago**, que pode descargarse para **abonar presencialmente** en calquera oficina ou caixeiro das entidades **Abanca ou Sabadell** ou ben **pagarse directamente con tarxeta** desde a opción **Pagar**. En ambos casos, garde o xustificante de pagamento.

Deberá realizarse unha autoliquidación por cada filla/o inscrito no Campamento Urbano Betanzos Concilia.

Unha vez realizado o pagamento, **o xustificante debe enviarse por correo electrónico** a marta.pineiro@betanzos.gal ou entregarse nas dependencias dos Servizos Sociais municipais.

O **prazo máximo** para o pagamento e o envío de xustificante de pago será **o luns 15 de xuño**.

Para calquera **dúbida** con respecto á Oficina Virtual Tributaria poden poñerse en contacto co departamento de Servizos Sociais no **981.77.07.07** ou co departamento de Tesourería no **981.77.00.11**.

DEVOLUCIÓN DE TAXAS

Unha vez obtida a praza e aboado o prezo da quenda correspondente, **unicamente devolverase a taxa** se a/o menor non puidese acudir aos campamentos **por causa médica, tras aportación de solicitude de baixa e informe médico correspondente, antes do inicio da actividade**.

Se a/o menor inicia o campamento e por causa sobrevida non pode continuar no mesmo, non se devolverá a taxa.

Se existise un **erro á hora de pagar as taxas do campamento**, por non encontrarse a/o menor incluído nalgunha das quendas abonadas, **a solicitude de devolución de taxa deberá realizarse por sede electrónica ou rexistro**, non realizando o Concello este trámite de oficio.

REUNIÓN INFORMATIVA

Realizarase unha reunión informativa para as familias coa empresa encargada do desenvolvemento do campamento no **Salón Azul do Liceo**:

- **Martes 16 de xuño ás 19:00 horas.**

NORMAS

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

Dereitos das persoas usuarias:

- Bo trato por parte do persoal do servizo e dos/as outros/as usuarios/as.
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a súa participación no servizo.

Obrigas das persoas usuarias:

- Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- Entregar a documentación requirida.
- Para a recollida das/os menores sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.
- Respetar as normas establecidas polos equipos de monitores de cada campamento, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- Non transferir a praza asignada.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos/as demais usuarios/as.

O incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.

A alcaldesa, María Barral Varela.

Betanzos, 30 de abril de 2026.